



**RESOLUCIÓN SOBRE A SOLICITUDE DE ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA PRESENTADA POR D. MIGUEL ANGEL DELGADO GONZÁLEZ EN REPRESENTACIÓN DA PLATAFORMA DE DEFENSA DEL SECTOR MARÍTIMO PESQUERO DE GALICIA REFERENTE Á IDENTIFICACIÓN DE LETRADOS DA XUNTA DE GALICIA EN DETERMINADOS EXPEDIENTES DA XUNTA ELECTORAL PROVINCIAL DA CORUÑA (Expediente de la Comisión da Transparencia RSCTG 1/2020)**

Con data de 28 de abril de 2020, a Comisión da Transparencia de Galicia ditou Resolución en relación coa reclamación interposta por Miguel Ángel Delgado González, en representación da Plataforma en Defensa del Sector Marítimo Pesquero de Galicia (PLADESEMAPESGA), contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude de acceso á información pública referente á identificación de letrados da Xunta de Galicia en determinados expedientes da Xunta Electoral Provincial da Coruña.

Esta resolución acorda estimar a reclamación presentada e instar á Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia, a que, de acordo co disposto no fundamento xurídico quinto, no prazo de dez días, proceda a ditar resolución expresa sobre a solicitude de acceso, mediante a comunicación da información que proceda.

De acordo co indicado, esta asesoría xurídica dita a seguinte resolución:

**ANTECEDENTES**

I. Con data de 26 de outubro de 2019, D. Miguel Ángel Delgado González, manifestando actuar en representación da Plataforma de Defensa del Sector Marítimo Pesquero de Galicia (PLADESEMAPESGA), presenta diversas solicitudes de información pública co mesmo contido dirixidas á Secretaría Xeral de Medios; Vicepresidencia-Asesoría Xurídica Xeral; e Dirección Xeral de Xustiza.

No “asunto e síntesis da petición” o interesado fai constar *“solicitud de identificación de los letrados de la Xunta de Galicia personados en los expedientes Exp.- 52/2019, 111/2019 y 112/2019 de la Junta Electoral Provincial de A Coruña y copia de la orde de personación en los procedimientos, identificando a su autor como se expondrá”*.

II. Con data 29 de decembro de 2019, D. Miguel Ángel Delgado González, en representación de PLADESEMAPESGA, presenta ante a Secretaría Xeral de Presidencia solicitude electrónica “para remitir a la Comisión da Transparencia de Galicia”, na que fai constar no *“ASUNTO; Solicitud de expediente contra la Secretaria de Medios de la Xunta por silencio administrativo de información pública relacionada, con la solicitud Xustificante-PR100A-20191026”*.



A solicitude expresa: *“PRIMERO.· El 26 del 10 de 2019 solicitábamos la identificación de los letrados de la Xunta de Galicia personados en los expedientes Exp.· , 152/2019, 111/2019 y 112/2019 de la Junta Electoral Provincial de A Coruña y copia de la orde de personación en los procedimientos identificando a su autor. Que transcurrido ampliamente los plazos solo tenemos conocimiento del silencio administrativo incumpliendo la Ley de Transparencia”. O cidadán solicita “que tenga por presentado este escrito, o acepte y se sirva ordenar lo que corresponda y si es conforme se ordene el traslado inmediato y urgente a esta entidad de la dictada decisión”.*

III. Con data de 28 de abril de 2020, a Comisión da Transparencia de Galicia ditou Resolución en relación coa reclamación interposta por Miguel Ángel Delgado González contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude de acceso á información pública referente á identificación de letrados da Xunta de Galicia en determinados expedientes da Xunta Electoral Provincial da Coruña.

Esta resolución acorda estimar a reclamación presentada e instar á Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia, a que, de acordo co disposto no fundamento xurídico quinto, no prazo de dez días, proceda a ditar resolución expresa sobre a solicitude de acceso, mediante a comunicación da información que proceda.

### **CONSIDERACIÓN XURÍDICAS**

I. A solicitude de información pública refírese a dous extremos:

- Que se identifique aos letrados da Xunta de Galicia persoados nos expedientes 52/2019, 111/2019 y 112/2019 da Xunta Electoral Provincial de A Coruña.
- Copia da orde de persoación nos procedementos, identificando ao seu autor.

II. Sobre os extremos indicados convén precisar o seguinte:

- Non houbo unha persoación formal da asesoría da Xunta nos procedementos indicados, nin esta é necesaria. Simplemente, como é o habitual, se efectuaron as alegacións para as que foi emprazada pola propia Xunta Electoral.

- Non existiu unha específica orde de persoación nestes procedementos dado que non resulta necesaria legalmente. A Lei 4/2016, do 4 de abril, de ordenación da asistencia xurídica da



Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público, non esixe a existencia dunha específica orde de persoarse nun procedemento para facer alegacións cando se empraza á administración autonómica.

En particular, pode recordarse simplemente que o artigo 1 da Lei 4/2016, do 4 de abril, de ordenación da asistencia xurídica da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público, entende por asistencia xurídica, que se presta pola asesoría xurídica da Xunta, o asesoramento en dereito e a representación e defensa en todo tipo de procesos xudiciais e ante órganos administrativos, polo que defender un acto da administración ante unha xunta electoral forma parte da asistencia prevista legalmente.

- As alegacións foron asumidas e asinadas polo propio director xeral da Asesoría Xurídica Xeral, como tamén é practica habitual nestes casos.

A Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia indica no seu fundamento xurídico quinto:

*“(...) Débese ter en conta que segundo o informe da Asesoría Xurídica, a información solicitada non existe, por canto no procedemento sobre o que se solicita a información non procede a persoación de letrado, e por tanto non existiu orde de persoación algunha, sendo as alegacións presentadas no procedemento, asumidas polo director da Asesoría Xurídica. Nos casos nos que a información solicitada polo interesado non exista, o suxeito obrigado debe responder expresamente á solicitude de acceso, informando de forma clara ao petionario, que a información que se solicita non existe, quedando deste xeito satisfeito o dereito de acceso á información, sen que se poida considerar que a comunicación desa inexistencia, involucre unha valoración xurídica.”*

De acordo co indicado, en cumprimento da resolución da Comisión Galega da Transparencia, procede responder ao solicitante indicando que non existe unha orde de persoación nos procedementos indicados dado que non é necesaria legalmente, e que as alegacións foron asumidas e asinadas polo propio director xeral da Asesoría Xurídica Xeral, como é practica habitual nestes casos.

III. De acordo co artigo 9 do Real Decreto 537/2020, do 22 de maio, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19:



*“Con efectos desde el 1 de junio de 2020, el cómputo de los plazos administrativos que hubieran sido suspendidos se reanudará, o se reiniciará, si así se hubiera previsto en una norma con rango de ley aprobada durante la vigencia del estado de alarma y sus prórrogas.”*

**Por todo o exposto, esta asesoría xurídica, resolve ditar resolución sobre a solicitude de acceso, mediante a comunicación da información seguinte:**

- Non existe unha orde de persoación nos procedementos 52/2019, 111/2019 e 112/2019 da Xunta Electoral Provincial de A Coruña dado que non é necesaria legalmente.
- As alegacións nos referidos procedementos foron asumidas e asinadas polo propio director xeral da Asesoría Xurídica Xeral, como é practica habitual nestes casos.

Contra a presente resolución que pon fin á vía administrativa, cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación, conforme ao disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, sen prexuízo da interposición de reclamación potestativa perante o Valedor do Pobo no prazo dun mes, en virtude do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

O Director Xeral da Asesoría Xurídica Xeral.

Santiago de Compostela, 15 de xuño de 2020.

Manuel Pillado Quintáns